

c
Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal e o aboamento das axudas a armadores embarcados, tripulantes e mariscadores financiaranse con cargo ós orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais, e para eses efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1999, do 23 de setembro.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá á Seguridade Social os fondos precisos para atende-las axudas que conceda o Instituto Social da Mariña, previstas no artigo 7 deste real decreto lei. A Tesorería Xeral da Seguridade Social arbitrará os procedementos de xestión financeira e rexistro contable necesarios, que permitan anticipar os fondos oportunos para o pagamento extraorzamentario polo Instituto Social da Mariña das axudas que correspondan, así como para levar conta de relación diferenciada dos ingresos e pagamentos que por tal motivo se produzan.

As transferencias de crédito a que se refiren os parágrafos anteriores autorizaranse por acordo do ministro de Facenda, salvo que, de conformidade co establecido na Lei xeral orzamentaria, corresponda a súa autorización ós titulares dos distintos departamentos ministeriais.

Os remanentes de crédito que, se é o caso, puidesen existir ó peche do exercicio 2002 nos créditos habilitados mediante as transferencias a que se refire o parágrafo anterior, poderán incorporarse ó orzamento de 2003.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

23037 REAL DECRETO 1131/2002, do 31 de outubro, polo que se regula a Seguridade Social dos traballadores contratados a tempo parcial, así como a xubilación parcial. («BOE» 284, do 27-11-2002.)

O artigo primeiro da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, modificou, entre outros, os artigos 12 e 15.8 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de

marzo, no que se refire, dunha parte, á regulación do contrato a tempo parcial, para o dotar dunha maior flexibilidade, así como á regulación dos contratos de traballadores fixos-descontínuos. Pola súa vez, deu nova redacción ó punto 6 do artigo 12 da Lei do Estatuto dos traballadores, procedendo a unha modificación da xubilación parcial e do contrato de relevo, consubstancial coa primeira.

Pola súa parte, o artigo 34 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, deu unha nova redacción ó artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social, para acomoda-la regulación da xubilación parcial ás modificacións introducidas no Estatuto dos traballadores, prevendo o punto 4 do dito artigo, na redacción incorporada pola Lei 35/2002, do 12 de xullo, que o réxime xurídico da dita xubilación parcial será o que regulamentariamente se estableza.

No que se refire ós contratos de traballadores fixos-descontínuos, aínda que, desde o ámbito laboral, a nova normativa diferencia entre os que efectúan traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas, dentro do volume normal da actividade da empresa, daqueles nos que non concorra a circunstancia da repetición dos traballos en datas certas, atribuíndolles ós primeiros a cualificación de traballadores contratados a tempo parcial, conceptualmente que non se estende respecto do segundo colectivo indicado, sen embargo a disposición adicional sétima da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, na modificación introducida pola Lei 12/2001, determina a aplicación a todos eles, no ámbito da Seguridade Social, da normativa relativa ós traballadores con contrato a tempo parcial.

Polo que respecta á modificación do artigo 12.6 do Estatuto dos traballadores, así como do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social, a nova regulación do contrato de relevo, en relación coa xubilación parcial, insírese dentro do propósito de introducir unha maior flexibilidade no acceso á xubilación, coa finalidade de que a idade de acceso a ela estea dotada dos caracteres de gradualidade e progresividade, evitando unha ruptura brusca entre a vida activa e o paso á xubilación, cos beneficios sociais de toda índole que tal medida produce, todo iso no marco dos criterios contidos na recomendación 10.^a do Pacto de Toledo e no punto IV do Acordo sobre a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social, así como das orientacións propostas polas diferentes organizacións internacionais e, en especial, pola Unión Europea.

As modificacións legais supoñen eliminar determinadas rixideces existentes na regulación anterior, como eran, dunha parte, que a xubilación parcial se extinguiše, de forma obrigatoria, ó cumprilo interesado os sesenta e cinco anos, ou, doutra, que o contrato de relevo, que debía concertarse simultaneamente coa xubilación parcial, se tivese que subscribir inicialmente de forma temporal. Tales rixideces podían implicar unha restricción no desenvolvemento práctico da xubilación parcial, que non alcanza no noso país un grao de implantación similar ó alcanzado noutros sistemas de protección social.

Coa regulación derivada da Lei 12/2001, aínda mantendo o límite dos sesenta anos, para poder acceder á xubilación parcial, permítese que o interesado poida acceder a ela ou prolonga-los seus efectos máis alén dos sesenta e cinco anos. Pola súa vez, o contrato de relevo que a empresa debe concertar con outro traballador, para ocupa-la xornada de traballo deixada polo xubilado parcial, pode subscribirse con carácter temporal polo tempo que lle falte ó traballador substituído para alcanza-la idade de xubilación ordinaria ou ser xa inicialmente un contrato indefinido.

Así mesmo, establécense outras regras flexibles respecto do contrato de relevo, xa que este non é esixible

cando se accede á xubilación parcial con sesenta e cinco anos; pola súa vez, nos supostos en que se accedese á xubilación parcial antes dos sesenta e cinco anos, cando o xubilado parcial chega a esta idade, aínda non resultando obrigatoria a permanencia do contrato de relevo celebrado con carácter temporal, este poderá prorrogarse, por vontade das partes, por períodos anuais, extingúndose, en todo caso, ó finaliza-lo período correspondente ó ano no que se produce a xubilación total do traballador substituído.

Todas estas modificacións legais supoñen unha variación substancial dos preceptos regulamentarios que, ata o momento, regulaban a xubilación parcial no ámbito da Seguridade Social, polo que resulta necesario dictar as normas de desenvolvemento e aplicación das disposicións contidas no artigo 12.6 da Lei do Estatuto dos traballadores, acomodando a regulación contida no Real decreto 144/1999, do 29 de xaneiro, ás novas previsións legais.

A necesidade de adapta-lo artigo 9 do Real decreto 1991/1984, do 31 de outubro, polo que se regulaba o contrato a tempo parcial, o contrato de relevo e a xubilación parcial, ás novas prescricións legais, fai aconsellable derroga-la dita norma na súa integridade, eliminando os escasos preceptos do citado real decreto que aínda continuaban formalmente en vigor e, desta forma, proceder á adaptación da regulación regulamentaria ás normas legais actualmente vixentes.

Por último, a regulación actual do contrato a tempo parcial pode orixinar na práctica que o traballador acorde coa súa empresa que a totalidade das horas de traballo que debe realizar anualmente, por razón do seu contrato a tempo parcial, se presten de forma concentrada en determinados períodos de cada ano, con percepción das correspondentes remuneracións totais dentro deles ou ben de forma rateada ó longo do ano, permanecendo inactivo o tempo restante.

En tales supostos, se ben resulta claro que, de acordo coa normativa de carácter xeral vixente ó respecto, o traballador debe permanecer en alta no réxime da Seguridade Social que corresponda por razón da actividade mentres non se produza a extinción da súa relación laboral, aínda que o tempo de traballo o concentre exclusivamente en certos períodos do ano, sen embargo véñense suscitando dúbidas no que se refire ó alcance da obriga de cotizar nos supostos indicados.

En tal sentido, e conforme as regras xerais da cotización na Seguridade Social, aplícaselles ós supostos sinalados o criterio de considerar que as remuneracións que debe percibi-lo traballador parcial polos períodos do ano en que concentre a prestación de traballo, derivada do seu contrato a tempo parcial, o son en función do mantemento da súa relación laboral durante todo o exercicio e, en consecuencia, establécese a subsistencia da obriga de cotizar ó longo deste e mentres non se extinga a dita relación laboral; para ese efecto aquelas remuneracións deberán ratearse entre os doce meses do ano ou, se é o caso, do inferior número de meses de que se trate, tanto se se perciben só nos períodos concentrados de traballo, como de forma rateada ó longo do ano.

Tódalas modificacións legais antes sinaladas obrigan a proceder ó oportuno desenvolvemento regulamentario que permita a aplicación daquelas. Neste propósito, e para unha maior seguridade xurídica, optouse por regular non só aqueles preceptos que deriven das citadas modificacións legais, senón tamén incorpora-la regulación dos aspectos da acción protectora da Seguridade Social do traballo a tempo parcial, facilitando desta forma a sistemática xurídica do ordenamento da Seguridade Social.

Na súa virtude, de conformidade co establecido na disposición derradeira primeira da Lei 12/2001, do 9

de xullo; no punto 4 do artigo 166, e na disposición derradeira sétima, ámbolos dous da Lei xeral da Seguridade Social, por proposta do ministro de traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2002,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. O establecido no capítulo II deste real decreto será de aplicación ós traballadores con contrato a tempo parcial, contrato de relevo e contrato de traballo fixo-continuo, de conformidade co establecido nos artigos 12 e 15.8 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que estean incluídos no campo de aplicación do réxime xeral e do réxime especial da minería do carbón e ós que, sendo traballadores por conta allea, estean incluídos no réxime especial dos traballadores do mar.

2. Para efectos das prestacións que sexan obxecto de cobertura mediante convenio especial e polos períodos en que este sexa simultáneo coa realización dun traballo a tempo parcial, quedan excluídos da aplicación deste real decreto:

a) Os traballadores que, unha vez subscrito un convenio especial, sexan incluídos no mesmo réxime da Seguridade Social, como consecuencia dun contrato a tempo parcial.

b) Os traballadores con contrato a tempo parcial que subscriban o convenio especial previsto no artigo 13 da Orde do daquela Ministerio de Traballo e Seguridade Social, do 18 de xullo de 1991, reguladora do convenio especial no sistema da Seguridade Social.

Nos supostos previstos nos parágrafos anteriores, as prestacións outorgaranse conforme as normas que as regulen para os traballadores que presten servizos a tempo completo.

3. Para o recoñecemento do dereito ás pensións de xubilación parcial, aplicarase o disposto no capítulo III deste real decreto.

CAPÍTULO II

Acción protectora da Seguridade Social dos traballadores contratados a tempo parcial

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 2. *Alcance da acción protectora.*

1. De acordo co previsto no parágrafo primeiro do punto 1 da disposición adicional sétima da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, os traballadores a que se refire o punto 1 do artigo anterior están protexidos, fronte á totalidade de situacións e contingencias que estean previstas con carácter xeral no respectivo réxime da Seguridade Social no que figuren encadrados, coas particularidades e condicións establecidas nos artigos seguintes.

c

2. Non obstante, en materia de protección por desemprego, será de aplicación a súa normativa específica conforme o establecido na regra cuarta do punto 1 da disposición adicional sétima da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 3. *Períodos de cotización.*

1. Para acreditar os períodos de cotización necesarios para causar dereito ás prestacións de xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, incapacidade temporal, risco durante o embarazo e maternidade, computaranse exclusivamente as cotizacións efectuadas en función das horas traballadas, tanto ordinarias como complementarias, calculando a súa equivalencia en días teóricos de cotización. Para tal fin, o número de horas efectivamente traballadas dividirase por cinco, equivalente diario do cómputo de mil oitocentas vinteseis horas anuais.

Cando para poder causar a prestación de que se trate, excepto as pensións de xubilación e incapacidade permanente, ás cales será de aplicación o establecido no punto 2 deste artigo, o período mínimo esixible deba estar comprendido dentro dun lapso de tempo inmediatamente anterior ó feito causante, este lapso incrementarase na mesma proporción en que se reduza a xornada efectivamente realizada respecto á xornada habitual na actividade correspondente.

A fracción de día, se é o caso, asimilarse a día completo.

2. Para causar dereito ás pensións de xubilación e incapacidade permanente, ó número de días teóricos de cotización obtidos conforme o disposto no punto anterior aplicaráselle o coeficiente multiplicador de 1,5 resultando diso o número de días que se considerarán acreditados para a determinación dos períodos mínimos de cotización. A fracción de día, se é o caso, asimilarse a día completo.

3. Os períodos de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou descanso por maternidade, durante os que perviva o contrato de traballo a tempo parcial, así como os de percepción da prestación por desemprego determinados pola suspensión ou extinción dunha relación laboral dese tipo, terán a mesma consideración, para efectos do previsto nos puntos anteriores, que o período de traballo precedente á baixa médica, ó descanso, á suspensión ou á extinción do contrato, respectivamente.

4. O cómputo dos períodos que legalmente se asimilan a cotizados, que sucedan a períodos traballados a tempo parcial, levarase a cabo de forma idéntica á utilizada en relación co último período traballado.

5. Cando o traballador realice simultaneamente máis dunha actividade a tempo parcial nos termos sinalados no punto 1 do artigo 1 sumaranse os días teóricos de cotización acreditados nas distintas actividades, tanto nas situacións de pluriemprego como nas de pluriactividade nas que deba aplicarse o cómputo recíproco de cotizacións.

6. Nos supostos previstos nos puntos anteriores, en ningún caso poderá computarse un número de días cotizados superior ó que correspondería de terse realizado a prestación de servizos a tempo completo.

SECCIÓN 2.^a NORMAS RELATIVAS ÓS SUBSIDIOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL, RISCO DURANTE O EMBARAZO E DE MATERNIDADE

Artigo 4. *Incapacidade temporal.*

1. Os traballadores a que se refire o punto 1 do artigo 1 terán dereito á prestación económica por incapacidade temporal, coas particularidades establecidas

no artigo anterior e nos puntos que seguen e que serán aplicables calquera que fose o tempo de permanencia na dita modalidade contractual:

a) A base reguladora diaria da prestación será o resultado de dividi-la suma das bases de cotización acreditadas na empresa durante os tres meses inmediatamente anteriores á data do feito causante entre o número de días efectivamente traballados e, por tanto, cotizados no dito período.

A prestación económica que corresponda aboarase durante os días contratados como de traballo efectivo nos que o traballador permaneza en situación de incapacidade temporal.

b) Cando, por interrupción da actividade, asuma a entidade xestora ou, se é o caso, entidade colaboradora o pagamento da prestación, calcularase de novo a base reguladora desta. Para o dito fin, a base reguladora diaria da prestación será o resultado de dividi-la suma das bases de cotización acreditadas na empresa durante os tres meses inmediatamente anteriores á data do feito causante entre o número de días naturais comprendidos no dito período.

De ser menor a antigüidade do traballador na empresa, a base reguladora da prestación será o resultado de dividi-la suma das bases de cotización acreditadas entre o número de días naturais a que estas correspondan.

A prestación económica aboarase durante tódolos días naturais en que o interesado se atope na situación de incapacidade temporal.

c) Cando, por extinción do contrato de traballo, o pagamento da prestación deba ser asumido directamente pola entidade xestora ou pola entidade colaboradora, a contía da prestación será equivalente á que correspondería por prestación por desemprego, de conformidade co disposto no artigo 222 da Lei xeral da Seguridade Social.

2. A aplicación das regras previstas no parágrafo a) do punto anterior non afectará o cómputo do período máximo de duración da situación de incapacidade temporal, que, en todo caso, se realizará por referencia ó número de días naturais de permanencia nela.

Artigo 5. *Risco durante o embarazo.*

As traballadoras a que se refire o punto 1 do artigo 1 poderán causar dereito á prestación económica por risco durante o embarazo, coa particularidade de que, para efectos da determinación da base reguladora e o aboamento da prestación, se terá en conta o previsto na alínea b) do punto 1 do artigo anterior.

Artigo 6. *Maternidade.*

1. Os traballadores a que se refire o punto 1 do artigo 1 terán dereito á prestación económica por maternidade coas particularidades establecidas no presente real decreto.

2. A base reguladora diaria da prestación económica por maternidade será o resultado de dividi-la suma das bases de cotización acreditadas na empresa durante os doce meses inmediatamente anteriores á data do feito causante entre trescentos sesenta e cinco.

De ser menor a antigüidade na empresa, a base reguladora da prestación será o resultado de dividi-la suma das bases de cotización acreditadas entre o número de días naturais a que estas correspondan.

3. O subsidio por maternidade aboarase durante tódolos días nos que o traballador permaneza na dita situación, coa duración legalmente prevista para os períodos de descanso polas situacións protexidas de maternidade, adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente.

SECCIÓN 3.^a NORMAS RELATIVAS ÁS PENSÍONSArtigo 7. *Base reguladora.*

1. Para efectos do cálculo da base reguladora das pensións de incapacidade permanente e de morte e supervivencia derivadas de continxencias comúns e de xubilación, causadas polas persoas a que se refire o punto 1 do artigo 1, no non previsto expresamente neste capítulo, aplicaranse as normas establecidas con carácter xeral para a determinación da contía das pensións.

2. En relación coas pensións de xubilación e de incapacidade permanente, derivadas estas últimas de enfermidade común ou de accidente non laboral, a integración dos períodos durante os que non houbera obriga de cotizar levarase a cabo coa base mínima de cotización de entre as aplicables en cada momento, correspondente ó número de horas contratadas na data en que se interrompeu ou extinguiu a obriga de cotizar.

Con excepción dos períodos entre temporadas ou campañas dos traballadores con contrato de traballo fixo-descontinuo, en ningún caso se considerarán lagoas de cotización as horas ou días en que non se traballe por mor das interrupcións na prestación de servizos derivadas do propio contrato a tempo parcial.

3. Para a determinación da base reguladora das pensións derivadas de continxencias profesionais, nos supostos en que o traballador non preste servizos tódolos días ou, prestándoos, a súa xornada de traballo sexa non obstante irregular ou variable, o salario diario será o que resulte de dividir entre sete ou trinta o semanal ou mensual pactado en función da distribución das horas de traballo concretadas no contrato para cada un deses períodos.

No caso de contratos de traballo fixo-descontinuo, o salario diario será o que resulte de dividir, entre o número de días naturais de campaña transcorridos ata a data do feito causante, os salarios percibidos polo traballador no mesmo período.

4. Así mesmo, para efectos de determina-la base reguladora das pensións derivadas dun accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional, a suma dos complementos salariais percibidos polo interesado no ano anterior ó do feito causante dividirase entre o número de horas efectivamente traballadas nese período. O resultado así obtido multiplicarase pola cifra que resulte de aplicar a mil oitocentos vinteseis o coeficiente de proporcionalidade existente entre a xornada habitual da actividade de que se trate e a que se recolla no contrato.

Artigo 8. *Porcentaxe da pensión de xubilación.*

O tempo de cotización que resulte acreditado conforme o disposto no punto 2 do artigo 3 computarase para determina-lo número de anos cotizados para efectos de fixa-la porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de xubilación. A fracción de ano que poida resultar computarase como un ano completo.

CAPÍTULO III

Xubilación parcial

Artigo 9. *Concepto.*

Considérase xubilación parcial a iniciada despois do cumprimento dos sesenta anos, simultánea cun contrato de traballo a tempo parcial e vinculada ou non cun contrato de relevo, de conformidade co establecido nos artigos 166 da Lei xeral da Seguridade Social e 12.6 da Lei do Estatuto dos traballadores.

Para tales efectos, teranse en conta as bonificacións ou anticipacións de idade que, se é o caso, correspondan.

Artigo 10. *Beneficiarios.*

Os traballadores por conta allea, integrados en calquera réxime da Seguridade Social, que teñan, como mínimo, a idade establecida no artigo anterior e reúnan as demais condicións esixidas para ter dereito á pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social, poderán acceder á xubilación parcial nos seguintes termos:

a) O traballador concertará, logo de acordo coa súa empresa, un contrato a tempo parcial, reducindo a xornada de traballo e o salario, entre un mínimo dun 25 por 100 e un máximo dun 85 por 100 daqueles, nos termos previstos no artigo 12.6 do Estatuto dos traballadores.

As porcentaxes indicadas no parágrafo anterior entenderanse referidas a unha xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable.

b) Para poder recoñece-la pensión de xubilación parcial, cando o traballador acceda a ela a unha idade real inferior ós sesenta e cinco anos, sen que, para tales efectos, se teñan en conta as bonificacións ou anticipacións da idade de xubilación que correspondan, a empresa deberá concertar simultaneamente un contrato de relevo cun traballador en situación de desemprego ou que teña concertado coa empresa un contrato de duración determinada, con obxecto de substituí-la xornada de traballo deixada vacante polo traballador que se xubila parcialmente.

Nos supostos en que se acceda á xubilación parcial con sesenta e cinco anos de idade real, sen que, para tales efectos, se teñan en conta as bonificacións ou anticipacións de idade de xubilación que correspondan, non será preciso que se celebre simultaneamente un contrato de relevo, sempre que concorran os demais requisitos esixidos.

Artigo 11. *Feito causante.*

O feito causante da pensión de xubilación parcial entenderase producido o día do cesamento na xornada do traballo que se viñese realizando con anterioridade, sempre que, na dita data, se subscribise o correspondente contrato a tempo parcial e, en caso de ser necesario, o contrato de relevo a que se refire o artigo anterior.

Artigo 12. *Contía da pensión de xubilación parcial.*

1. A contía da pensión de xubilación parcial será o resultado de aplica-la porcentaxe de redución de xornada ó importe de pensión que lle correspondería, de acordo cos anos de cotización que acredite o traballador no momento do feito causante, calculada de conformidade coas normas xerais do réxime da Seguridade Social de que se trate, pero sen a aplicación do coeficiente adicional do 2 por 100, ó que se refire o artigo 163.2 da Lei xeral da Seguridade Social.

O importe da pensión, calculada de acordo co establecido no parágrafo anterior, non poderá ser inferior, en ningún caso, á contía que resulte de aplicar esa mesma porcentaxe ó importe da pensión mínima vixente en cada momento para os xubilados maiores de sesenta e cinco anos, de acordo coas circunstancias familiares do xubilado.

Para efectos de determina-la porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de xubilación parcial, cando se acceda a ela antes do cumprimento dos sesenta e cinco anos, non se aplicarán coeficientes reductores en función da idade.

2. Dentro dos límites establecidos na alínea a) do artigo 10 a porcentaxe de redución de xornada poderase incrementar por períodos anuais, por petición do

c
traballador xubilado parcial e coa conformidade do empresario.

Nos casos en que, para a percepción da pensión de xubilación parcial, sexa preciso o mantemento dun contrato de relevo, a empresa deberá ofrecerlle ó traballador substituto a ampliación da súa xornada de traballo, en proporción á redución da do xubilado parcial.

No suposto de que a xornada de traballo do substituto fose superior á xornada deixada vacante, a ampliación á que se refire o parágrafo anterior terá como límite a aplicación da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

De non ser aceptada polo substituto a ampliación da súa xornada, a empresa deberá contratar, pola xornada reducida polo xubilado parcial, outro traballador en quen concorran as circunstancias a que se refire a alínea b) do artigo 10.

De non se cumpri-lo establecido nos parágrafos anteriores, non se poderá, pola súa vez, ampliala contía da pensión de xubilación parcial, nos termos que se indican no parágrafo seguinte.

Nos supostos regulados neste punto, modificarase a contía da pensión, aplicando á recoñecida inicialmente a porcentaxe que corresponda en función da nova redución de xornada. A nova pensión será obxecto de actualización coas revalorizacións habidas desde a data de efectos da pensión de xubilación parcial inicial ata a data de efectos do novo importe de pensión.

3. Nos supostos de pluriemprego, para o cálculo da base reguladora da pensión de xubilación parcial, só se terán en conta as bases de cotización correspondentes ó traballo desempeñado ata o dito momento e que é obxecto da correspondente redución de xornada.

4. As pensións de xubilación parcial serán obxecto de revalorización nos mesmos termos que as demais pensións de modalidade contributiva, segundo establece o punto 1 do artigo 48 da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 13. *Solicitud e efectos económicos.*

1. O traballador solicitará a pensión de xubilación parcial ante a entidade xestora correspondente, indicando a data prevista en que se vaia produci-lo cesamento no traballo. Nos casos a que se refire o punto 2 do artigo anterior, na solicitude indicarse a data en que se vaia produci-la nova redución de xornada.

A solicitude poderase presentar cunha antelación máxima de tres meses á dita data.

Unha vez tramitado o expediente e antes de redacta-la proposta de resolución, a entidade xestora informará o solicitante se reúne as condicións xerais esixidas para ter dereito á pensión e, se é o caso, a contía que lle puidese corresponder, para que nun prazo máximo de dez días formule alegacións e presente os documentos que coide pertinentes.

Non obstante, o recoñecemento do dereito quedará condicionado á formalización do correspondente contrato de traballo a tempo parcial e, de ser necesario, o de relevo ou, se é o caso, á modificación deles cando se trate dos supostos previstos no punto 2 do artigo anterior.

2. Os efectos económicos da pensión de xubilación parcial produciranse o día seguinte ó do feito causante, sempre que na dita data entrase en vigor o correspondente contrato de traballo a tempo parcial e, en caso de ser necesario, o de relevo, se a solicitude se presenta dentro dos tres meses anteriores ou posteriores ó momento do cesamento no traballo que se viña realizando e que é obxecto da correspondente redución de xornada.

Nos supostos do punto 2 do artigo 12 os efectos do novo importe de pensión produciranse na mesma data en que se inicie a realización da nova xornada de traballo polo xubilado parcial e, se é o caso, polo substituto.

Se a solicitude se presenta transcorridos máis de tres meses desde o cesamento no traballo que se viña realizando e que é obxecto da correspondente redución de xornada, ou desde a data en que produza efectos a nova redución de xornada, os efectos económicos da pensión só terán unha retroactividade de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude.

Artigo 14. *Compatibilidade e incompatibilidade.*

1. A pensión de xubilación parcial será compatible:

a) Co traballo a tempo parcial na empresa e, se é o caso, con outros traballos a tempo parcial anteriores á situación de xubilación parcial, sempre que non se aumente a duración da súa xornada.

Así mesmo, cos traballos a tempo parcial concertados con posterioridade á situación de xubilación parcial, cando se cesase nos traballos que se viñan desempeñando con anterioridade noutras empresas, sempre que non se aumente a duración da xornada realizada ata entón.

Nos dous supostos anteriores, en caso de aumentarse a duración da súa xornada, a pensión de xubilación parcial quedará en suspenso.

b) Coa pensión de viuvez, a prestación de desemprego, e con outras prestacións substitutorias das retribucións que correspondesen ós traballos a tempo parcial concertados con anterioridade á situación de xubilación parcial, nos termos indicados no parágrafo anterior, con excepción do disposto no punto seguinte.

2. A pensión de xubilación parcial será incompatible:

a) Coas pensións de incapacidade permanente absoluta e grande invalidez.

b) Coa pensión de xubilación que puidese corresponder por outra actividade distinta á realizada no contrato de traballo a tempo parcial.

c) Coa pensión de incapacidade permanente total para o traballo que se preste en virtude do contrato que deu lugar á xubilación parcial.

Artigo 15. *Cálculo das prestacións de Seguridade Social durante a situación de xubilación parcial.*

1. Se o traballador, durante a situación de xubilación parcial, falecese ou se lle declarase unha incapacidade permanente nos graos de absoluta, grande invalidez ou total para a profesión que tivera o traballador na empresa en que presta o traballo a tempo parcial, para o cálculo da base reguladora das prestacións teranse en conta as bases de cotización correspondentes ó período de traballo a tempo parcial na empresa onde reduciu a súa xornada e salario, incrementadas ata o 100 por 100 da contía que correspondería de ter realizado na empresa, no dito período, a mesma porcentaxe de xornada desenvolvida antes de pasar á situación de xubilación parcial, e sempre que esta se simultanease cun contrato de relevo.

2. O establecido no punto anterior será de aplicación tamén polos períodos en que a xubilación parcial se simultanease coa prestación de desemprego, compatible coa xubilación parcial, ou con outras prestacións substitutorias das retribucións correspondentes ó traballo a tempo parcial, durante os períodos en que, ademais,

a xubilación parcial se simultanease coa existencia dun contrato de relevo, salvo no caso de que o cesamento no traballo se debese a despedimento disciplinario procedente; nese caso o beneficio da elevación ó 100 por 100 das correspondentes bases de cotización unicamente alcanzará o período anterior ó cesamento no traballo.

3. Nos supostos en que non sexa de aplicación o beneficio do incremento do 100 por 100 das bases de cotización correspondentes ó traballo a tempo parcial, por non se ter simultaneado a percepción da xubilación parcial cun contrato de relevo, o interesado poderá optar entre a determinación da base reguladora computando as bases de cotización realmente ingresadas, durante a situación de xubilación parcial, ou que aquela magnitude se calcule na data en que se recoñeceu a xubilación parcial ou, se é o caso, na data en que deixou de aplicarse o beneficio do incremento do 100 por 100 das citadas bases de cotización, se ben aplicando as demais regras que estivesen vixentes no momento de causa-la correspondente pensión.

Cando, conforme o previsto no parágrafo anterior, a base reguladora da pensión se determine nunha data anterior á do feito causante da prestación, aplicaranse as revalorizacións que se practicasen desde a data de cálculo da base reguladora ata o feito causante dela.

Artigo 16. *Extinción da pensión de xubilación parcial.*

A pensión de xubilación parcial extinguirase:

- a) Polo falecemento do pensionista.
- b) Polo recoñecemento da xubilación ordinaria ou anticipada, en virtude de calquera das modalidades legalmente previstas.
- c) Polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente, declarada incompatible, conforme o establecido no punto 2 do artigo 14.
- d) Pola extinción do contrato de traballo a tempo parcial, realizado polo xubilado parcial, salvo cando se teña dereito a prestación de desemprego, compatible coa xubilación parcial, ou a outras prestacións substitutorias das retribucións percibidas naquel; nese caso a extinción da xubilación parcial producirase na data da extinción das mesmas.

O previsto no parágrafo anterior non será de aplicación ás extincións do contrato de traballo declaradas improcedentes, caso en que se manterá o dereito á xubilación parcial, sen prexuízo das obrigas establecidas na disposición adicional segunda deste real decreto.

Artigo 17. *Dereito a determinadas prestacións dos xubilados parciais.*

O xubilado parcial terá a condición de pensionista para efectos do recoñecemento e percepción das prestacións sanitarias, tanto médicas coma farmacéuticas, así como das prestacións de servizos sociais.

Artigo 18. *Particularidades no cálculo da pensión de xubilación ordinaria ou anticipada.*

1. O traballador acollido á xubilación parcial poderá solicita-la pensión de xubilación ordinaria ou anticipada en virtude de calquera das modalidades legalmente previstas, de acordo coas normas do réxime de Seguridade Social de que se trate.

2. Para o cálculo da base reguladora da pensión teranse en conta as bases de cotización correspondentes ó período de traballo a tempo parcial na empresa onde

reduciu a súa xornada e salario, incrementadas ata o 100 por 100 da contía que correspondería de ter realizado na empresa, no dito período, a mesma porcentaxe de xornada desenvolvida antes de pasar á situación de xubilación parcial, e sempre que esta se simultanease cun contrato de relevo.

O establecido no parágrafo anterior será de aplicación tamén polos períodos en que a xubilación parcial se simultanease coa prestación de desemprego, compatible coa xubilación parcial, e outras prestacións substitutorias das retribucións correspondentes ó traballo a tempo parcial, durante o período en que se simultanease a xubilación parcial cun contrato de relevo, salvo no caso de que o cesamento no traballo se debese a despedimento disciplinario procedente; nese caso o beneficio da elevación ó 100 por 100 das correspondentes bases de cotización unicamente alcanzará ó período anterior ó cesamento no traballo.

3. Para efectos de determina-la porcentaxe aplicable á base reguladora, tomarase, como período cotizado a tempo completo, o período de tempo cotizado que medie entre a xubilación parcial e a xubilación ordinaria ou anticipada, sempre que, nese período, se simultanease a xubilación parcial cun contrato de relevo.

4. Nos supostos en que non poida aplicarse o beneficio do incremento do 100 por 100 ás bases de cotización, por non se ter simultaneado a xubilación parcial cun contrato de relevo, o interesado poderá optar entre que se determine a base reguladora da pensión de xubilación computando as bases de cotización realmente ingresadas, durante a situación de xubilación parcial, ou que esta se calcule na data en que se recoñeceu a xubilación parcial ou, se é o caso, na que deixou de aplicarse o beneficio do incremento do 100 por 100 da base de cotización, se ben aplicando as demais regras vixentes no momento de causa-la pensión.

Cando a base reguladora da pensión de xubilación se determinase nunha data anterior á do feito causante, á contía da pensión resultante aplicaráselle as revalorizacións que se practicasen desde a dita data ata a do feito causante.

Disposición adicional primeira. *Formalización do contrato de relevo e do contrato do xubilado parcial.*

1. O contrato de traballo do traballador que se xubila parcialmente e o contrato de relevo a que se refiren os artigos 12.6 do Estatuto dos traballadores e 166 da Lei xeral da Seguridade Social deberán formalizarse por escrito en modelo oficial.

No contrato de traballo do traballador que se xubila parcialmente deberán constar os elementos propios do contrato a tempo parcial, así como a xornada que realizaba antes e a que resulte como consecuencia da redución da súa xornada de traballo.

No contrato de relevo deberán constar o nome, idade e circunstancias profesionais do traballador substituído e as características do posto de traballo que vaia desempeña-lo traballador substituído, segundo o disposto na alínea c) do artigo 12.6 do Estatuto dos traballadores.

2. A celebración do contrato do traballador que se xubila parcialmente non suporá a perda dos dereitos adquiridos e da antigüidade que lle correspondan ó traballador.

Disposición adicional segunda. *Mantemento dos contratos de relevo e de xubilación parcial.*

1. Se durante a vixencia do contrato de relevo, antes de que o traballador substituído alcance a idade que

c
lle permite acceder á xubilación ordinaria ou anticipada, se producise o cesamento do traballador substituto, o empresario deberao substituír por outro traballador en situación de desemprego ou que concertase coa empresa un contrato de duración determinada.

2. Se o traballador xubilado parcialmente fose despedido improcedentemente antes de cumprila idade que lle permite acceder á xubilación ordinaria ou anticipada e non se procedese á súa readmisión, a empresa deberá ofrecerlle ó traballador substituto a ampliación da súa xornada de traballo e, de non ser aceptada por este a dita ampliación, deberá contratar outro traballador en quen concorran as circunstancias a que se refire o punto anterior.

No suposto de que a xornada de traballo do substituto fose superior á xornada deixada vacante, a ampliación á que se refire o parágrafo anterior terá como límite a xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

3. As novas contratacións deberán facerse na modalidade de contrato de relevo, tanto se se trata de substituí-lo traballador substituto como se se trata de substituí-lo traballador que reducira parcialmente a súa xornada de traballo.

En ámbolos casos, os novos contratos deberán concertarse no prazo dos quince días naturais seguintes a aquel en que se producise o cesamento ou, se é o caso, a decisión de non readmisión trala declaración de improcedencia do despedimento.

A xornada pactada nos novos contratos será, como mínimo, igual á que realizaba, no momento de producirse a extinción, o traballador a quen se lle extinguiu o contrato.

4. No suposto de incumprimento das obrigas establecidas nos puntos anteriores, o empresario deberalle aboar á entidade xestora o importe devengado da prestación de xubilación parcial desde o momento da extinción do contrato ata que o xubilado parcial acceda á xubilación ordinaria ou anticipada.

Disposición adicional terceira. Cotización dos traballadores contratados a tempo parcial con traballo concentrado en períodos inferiores ós de alta.

1. Engádeselle un novo punto 3 ó artigo 65 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Respecto dos traballadores con contrato a tempo parcial, que acordasen coa súa empresa que a totalidade das horas de traballo que anualmente deben realizar se presten en determinados períodos de cada ano, percibindo tódalas remuneracións anuais ou as correspondentes ó período inferior de que se trate, neses períodos de traballo concentrado, existindo períodos de inactividade superiores ó mensual, ademais de permanecer en alta no réxime da Seguridade Social que corresponda por razón da actividade e mentres non se extinga a súa relación laboral, subsistirá a obrigación de cotizar conforme as seguintes regras:

1.^a A base de cotización determinarase ó se celebra-lo contrato de traballo e ó inicio de cada ano en que o traballador se atope na dita situación, computando o importe total das remuneracións que teña dereito a percibi-lo traballador a tempo parcial nese ano, con exclusión en todo caso dos importes correspondentes ós conceptos non computables na base de cotización á Seguridade Social

de acordo co establecido no artigo 23 deste regulamento xeral e demais disposicións complementarias.

2.^a O importe así obtido ratearase entre os doce meses do ano ou do período inferior de que se trate, determinándose dese modo a contía da base de cotización correspondente a cada un deles e con independencia de que as remuneracións se perciban integramente nos períodos de traballo concentrado ou de forma rateada ó longo do ano ou período inferior respectivo.

3.^a A base mensual de cotización, calculada conforme as regras anteriores, non poderá ser inferior ó importe da base mínima de cotización vixente en cada momento para os contratos de traballo a tempo parcial fixado no punto 2 deste artigo.

4.^a Se ó final do exercicio ou período inferior de que se trate, o traballador con contrato a tempo parcial, subsistindo a súa relación laboral, percibiu remuneracións por importe distinto ó inicialmente considerado nese ano ou período para determina-la base mensual de cotización durante el, conforme as regras 1.^a a 3.^a anteriores, procederase a realiza-la correspondente regularización. Para tal efecto, o empresario deberá ou ben practica-la correspondente liquidación complementaria de cotas polas diferencias en máis e efectua-lo pagamento dentro do mes de xaneiro do ano seguinte ou do mes seguinte a aquel en que se extinga a relación laboral ou ben solicitar, se é o caso, a devolución das cotas que resulten indebidamente ingresadas.

5.^a Así mesmo, a Administración da Seguridade Social poderá efectuar de oficio as liquidacións de cotas e acorda-las devolucións solicitadas que sexan procedentes, en especial, nos supostos de extinción da relación laboral destes traballadores con contrato a tempo parcial por xubilación ordinaria ou anticipada, por recoñecemento da pensión por incapacidade permanente, por falecemento ou por calquera outra causa, coa conseguinte baixa no réxime correspondente da Seguridade Social e cesamento na obriga de cotizar.»

2. Os actuais puntos 3, 4, 5 e 6 deste artigo 65 pasan, respectivamente, a constituí-los puntos 4, 5, 6 e 7, con idéntica redacción.

3. O previsto no punto 3 do artigo 65 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social non será de aplicación ós traballadores fixos-descontinuos a que se refire o artigo 15.8 da Lei do Estatuto dos traballadores.

Disposición adicional cuarta. Recadación das cotizacións respecto de traballadores a tempo parcial con traballo concentrado.

As cotas mensuais resultantes das regras establecidas no artigo 65.3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, na redacción dada por este real decreto, deberán ser ingresadas nos prazos regulamentarios establecidos no artigo 66 da Orde do 26 de maio de 1999, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social.

Disposición transitoria única. Regularización de cotizacións, respecto dos traballadores a tempo parcial con traballo concentrado, efectuadas con anterioridade.

As cotizacións efectuadas con anterioridade á vixencia deste real decreto, en forma distinta á prevista nel, deberán ser regularizadas polos empresarios de acordo

coas normas que se establecen no punto 3 do artigo 65 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, na redacción dada pola disposición adicional terceira deste real decreto, mediante unha liquidación de cotas que comprenda a totalidade do período, e que terá o carácter de complementaria se, como consecuencia das remuneracións aboadas polos períodos de traballo concentrado, quedasen exentos determinados importes da obriga de cotizar, sempre que a liquidación de cotas e o ingreso da liquidación complementaria, se é o caso, se realice dentro dos dous meses seguintes á data de entrada en vigor deste real decreto, e sen prexuízo da aplicación do prazo de prescrición establecido.

No suposto de que no momento da entrada en vigor deste real decreto non se tivese efectuado cotización ningunha por concentrarse o período de traballo do contratado a tempo parcial en períodos posteriores, serán de aplicación as regras correspondentes do citado artigo 65.3, debendo efectuarse o pagamento da liquidación complementaria polos períodos xa transcorridos no mes seguinte á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto e, expresamente, os reais decretos 1991/1984, do 31 de outubro, polo que se regula o contrato a tempo parcial, o contrato de relevo e a xubilación parcial, e 144/1999, do 29 de xaneiro, polo que se desenvolve, en materia de acción protectora, o Real decreto lei 15/1998, do 27 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las disposicións de carácter xeral que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

23038 *REAL DECRETO 1132/2002, do 31 de outubro, de desenvolvemento de determinados preceptos da Lei 35/2002, do 12 de xullo, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.* («BOE» 284, do 27-11-2002.)

A Lei 35/2002, do 12 de xullo, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible, introduce unha serie de modificacións lexislativas para conseguirla flexibilidade da idade de xubilación co fin de dotala dos caracteres de gradualidade e progresividade, levando ó ordenamento xurídico o contido, neste ámbito, do Acordo para a mellora e o desenvol-

vemento do sistema de protección social, subscrito o 9 de abril de 2001 polo Goberno, a Confederación de Comisións Obreiras, a Confederación Española de Organizacións Empresariais e a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa.

O obxectivo básico da lei citada dirixese ó establecemento dun sistema flexible de xubilación que, ó tempo que permita, en determinados casos, a xubilación anticipada antes do cumprimento da idade ordinaria de xubilación, tenda a favorecer-la prolongación na actividade dos traballadores de máis idade, potenciando desta forma a súa presenza social activa, coas indubidables vantaxes, tanto para o propio traballador como para os sistemas de pensións.

Neste obxectivo, a Lei 35/2002 contempla a posibilidade de acceder á pensión de incapacidade permanente cando esta deriva de continxencias profesionais, alén dos sesenta e cinco anos; o establecemento da mellora da pensión de xubilación, cando se acceda a ela cumpridos os sesenta e cinco anos e acreditados trinta e cinco anos de cotización, medida que se combina coa de exoneración de cotizacións sociais, tanto nas achegas empresariais como a cargo do traballador, nos supostos de que se prolongue a actividade alén dos sesenta e cinco anos e tendo cumprido o traballador un importante período de cotización.

As medidas anteriores acompañanse doutras que permiten que, nos supostos de cesamento na actividade por causa non imputable ó traballador, e cando este acredita unha longa carreira de aseguramento, poida acceder á xubilación anticipada, cunha redución da contía da pensión, por cada ano que lle falte ó traballador para o cumprimento da idade ordinaria. Ora ben, fronte ó que sucedía na lexislación anterior, o coeficiente sinlado varía en función dos anos de cotización que acredite o traballador, propiciándose, desta forma, un incremento dos principios de contribución e de proporcionalidade, bases nas que se asenta a modalidade contributiva de pensións.

A nova escala de coeficientes reductores da contía da pensión, nos supostos de xubilación anticipada, aplícase tamén a aqueles supostos nos que o acceso á dita modalidade se produce por aplicación da disposición transitoria terceira da Lei xeral da Seguridade Social.

Pola súa vez, o artigo 1 da Lei 35/2002, a través da modificación do artigo 165.1 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, posibilita que poida compatibilizarse a percepción da pensión de xubilación, coas consecuencias establecidas nel e nos termos que regulamentariamente se establezan. Cómpre, pois, fixa-la regulación da denominada xubilación flexible e con este fin o presente real decreto prevé as regras de compatibilidade entre a percepción da xubilación, nun importe reducido, e a realización dun traballo a través dun contrato a tempo parcial, así como as consecuencias das cotizacións efectuadas con posterioridade ó momento de causa-la pensión de xubilación.

Para a aplicación das previsións legais, faise necesario aborda-lo seu oportuno desenvolvemento regulamentario, detallando e aclarando determinados aspectos que derivan das modificacións incorporadas á Lei xeral da Seguridade Social.

Na súa virtude, de acordo co previsto na disposición derradeira segunda da Lei 35/2002, do 12 de xullo, e na disposición derradeira sétima da Lei xeral da Seguridade Social, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2002,